

## **BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA ANUAL DE AXUDAS PARA O ENSINO DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA (CURSO 2017/2018)**

### **Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

As presentes bases teñen por obxecto a regulación xeral da convocatoria anual, por parte do Concello de Val do Dubra, de axudas para favorecer a escolarización pública, en familias con menos recursos económicos do Concello de Val do Dubra, mediante a cobertura de gastos realizados en libro e/ou material escolar.

### **Segunda.- Destinatarias/os e requisitos.**

Para poder beneficiarse destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar nalgún centro público da Comunidade Autónoma de Galicia os seguintes estudos:

- SEGUNDO CICLO DE INFANTIL E PRIMARIA.
- ESO.
- FP.
- BACHARELATO.

b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base sexta da presente convocatoria (ata 6.000€).

c) Estar empadroado no Concello de Val do Dubra e ser filla/o dependente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente. Consideráanse fillos dependentes os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que se realice a convocatoria destas axudas e sempre que non teñan un contrato de traballo nin perciban recursos (agás bolsas) no momento da solicitude.

d) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria/o, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

e) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado; os pais, as nais e as/os titoras/es.

### **Terceira.- Solicitudes e documentación necesaria.**

#### **Documentación obrigatoria:**

a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá tamén obterse nas oficinas do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Val do Dubra.

b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da/do solicitante (nai, pai ou titor/ra).
- Fotocopia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

- Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio anterior dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigados a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda.
- Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar, deberá acreditala, mediante informe Social.
- No caso de separación ou divorcio estase ao previsto na base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar.
- No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, só é necesario presentar un exemplar da fotocopia do DNI da/do solicitante, do Libro de Familia e da declaración do IRPF dos proxenitores.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria/o de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións, e autorización ao Concello de Val do Dubra para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo o modelo do Anexo II.
- Documentación xustificativa do gasto realizado e para o que se solicita a axuda:

\* FACTURAS orixinais ou compulsadas que acrediten o gasto realizado en material escolar e/ou libros ao longo do ano (12 meses) anterior á data do inicio do prazo de solicitude de cada convocatoria anual. Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado pola/o beneficiaria/o.

#### **Documentación complementaria:**

- Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano anterior á axuda dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

#### **Cuarta.- Convocatoria anual. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.**

Cada ano realizarase unha convocatoria para a concesión destas axudas; abríndose, a tal efecto, un prazo para a presentación de solicitudes, que abranguerá un mes dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes presentaranse (segundo modelo que figura no Anexo I) no rexistro xeral do Concello de Val do Dubra, de luns a venres, en horario de atención ao público, de 9:00 a 14:00 horas, ou a través das restantes formas establecidas na normativa de procedemento administrativo común.

#### **Quinta.- Contía das bolsas.**

O Concello de Val do Dubra aboará as axudas as persoas beneficiarias que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido, xunto coa documentación requirida na base terceira.

O importe máximo da axuda, por beneficiario e ano, será de 100 €; e o número máximo de axudas a conceder, anualmente, será o resultado de dividir o total do crédito consignado na partida presupuestaria prevista, a tal efecto, no orzamento anual municipal vixente, entre dita contía de 100€.

#### **Sexta.- Valoración das solicitudes.**

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal do ano anterior.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais e, no seu caso, a/o titora/or ou persoa encargada da garda e protección da/do menor.
- As/os fillas/os menores de idade, con excepción dos emancipados.
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que acompañen a unidade familiar. Considerase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e as fillas ou fillos menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da Lei 3/2011). Para os efectos da consideración de nonoparentabilidade, e sempre que a filla ou fillo teña sido recoñecido por ambos proxenitores, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da farda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos a favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do/da proxenitor/ra responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.
- No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para aos efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todas/os as/os fillas/os dos pais que convivan con eles e reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia da/do menor.

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte sistema de puntuación:

Renda per cápita familiar	Puntuación
De 0 € a 4.000 €	6
De 4.001 € a 5.000 €	4
De 5.001 € a 6.000 €	2

Ademáis da renda per cápita, teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado/documento xustificativo:

a) Se algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.

b) Cando a/o nai/pai ou titora/or acrediten a situación de desemprego durante máis de 6 meses ao longo do ano anterior ao da convocatoria, incrementarase a valoración en 2 puntos adicionais.

#### **Sétima.- Financiamento.**

A concesión das axudas previstas nas presentes Bases estará limitada polos créditos que se asignen, ao efecto, e mediante a partida presupostaria correspondente, no orzamento municipal vixente no momento de cada convocatoria anual.

#### **Oitava.- Do procedemento da concesión das axudas.**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas por unha comisión avaliadora, conforme aos criterios fixados na base 6ª.

Dita comisión de avaliación estará composta por empregados municipais, cun mínimo de tres membros; un dos mesmos deberá ser, obrigatoriamente, un/unha traballador/traballadora social ou outro persoal técnico vinculado aos Servizos Sociais do Concello, e outra/o ocupante da secretaría-intervención municipal.

Realizada a valoración, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal unha lista provisional de beneficiarios destas axudas; e abrirase un prazo de 10 días para a subsanación de documentación. Transcurrido este prazo, a Comisión emitirá unha proposta definitiva, que será publicada, novamente, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal. En todo caso, dita proposta definitiva deberá ser finalmente ratificada e formalizada mediante resolución de alcaldía, na que ordenarán, ademáis, os pagos correspondentes. Dita resolución final deberá realizarse no prazo máximo de 10 días hábiles dende a publicación da proposta provisional.

#### **Novena.- Compatibilidade.**

A percepción destas axudas será compatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

#### **Disposición derradeira.-**

As presentes axudas concederanse ata o límite de crédito previsto na aplicación orzamentaria destinada, para tal fin, no Orzamento do Concello vixente no momento de cada convocatoria (como

tramitación anticipada de gasto). De verse superada esta cuantía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes.

En caso de empate priorizarase a renda per cápita máis baixa, e de persistir empate, o maior número de membros da unidade familiar.